

Boletín CAIA 12

Novembro 2024



Celebración do 20N na Coruña

O 19 de novembro na cidade da Coruña tivo lugar un acto en conmemoración do Día Internacional dos Dereitos da Infancia. As compañeiras: Emily S. e Juan foron anfitriñas do acto, e Carla e Rosalía falaban sobre participación infantil e adolescente.



O CAIA volta a intervir diante da VALEDORA DO POBO

Na sede da Valedora do Pobo, o 20 de novembro, tivo lugar un acto arredor da LOPIVI e a prevención da violencia na infancia e adolescencia. Neste escenario, as compañeiras, Beatriz e Cayetana interviñeron aportando a perspectiva de CAIA nestas temáticas.



Galicia conta con tres novas entidades locais recoñecidas como ciudades amigas da infancia: VIVEIRO, BURELA e NIGRÁN

A semana do 20 de novembro, UNICEF aproveitou para outorgar o recoñecemento de novas cidades amigas da infancia. Tres deses selos viñeron para a nosa comunidade autónoma, concretamente en: Nigrán, Viveiro e Burela.
Noraboa!



A INFANCIA NO PARLAMENTO DE GALICIA

O 12 de novembro, UNICEF levou á infancia galega o Parlamento, xerando un ano máis, un espazo onde á mocidade é a protagonista. Neste acto tamén se falou do CAIA da man do Concello de Moaña que lle contou os parlamentarios todo o que levamos feito ata agora.



Pleno no Concello de REDONDELA

O xoves 21 de novembro no Concello de Redondela tivo lugar un pleno infantil onde encheron o auditorio do Concello coa rapazada da localidade falando alto e claro dos dereitos da infancia.



Pleno no Concello de PONTEAREAS

No concello de Ponteareas levouse a cabo un novo pleno infantil para conmemorar o día 20N, participando representantes dos distintos centros educativos.

Entre as peticións, moitas relacionadas coa participación como unha aplicación propia da infancia para trasladar necesidades.



Pleno no Concello de MOAÑA

O mércores, 20 de novembro, tivo lugar un pleno no Concello de Moaña que versou sobre o dereito á participación infantil e adolescente.



Pleno no Concello de NIGRÁN

O Concello de Nigrán tamén contou cun pleno infantil que versou sobre o dereito a participación infantil e adolescente. Ao finalizar ó pleno UNICEF comunicoulle que obtivo o selo de Cidade Amiga da Infancia



O concello de O ROSAL celebra o seu primeiro pleno infantil

O Rosal realizou o seu primeiro pleno infantil, no que as nenas e nenos do concello realizaron propostas sobre a participación infantil e adolescente.



Pleno Infantil no Concello de TUI

O Concello de Tui celebrou o seu pleno infantil o día 27 de novembro, a temática seguiu as indicacións de UNICEF e versou sobre a participación infantil e adolescente. Ó rematar o pleno o grupo ParTUIcipando sorprendeu aos asistentes cun vídeo.



Pleno infantil no Concello de TEO

O Concello de Teo celebra tamén un pleno infantil onde anuncia o seu segundo recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia e Adolescencia onde a alcaldesa aproveitou para matizar: “queremos que sexa sendo así por moito tempo”



Pleno Infantil en TOMIÑO

O Concello de Tomiño contou tamén cun pleno infantil onde a rapazada agradeceu contar co grupo local Voces Novas como canle comunicativa permanente no tempo no municipio.



Celebración do 20N en A LARACHA

O Espazo de participación da Laracha realizou unha actividade de mobilización na que se expuxeron os logros, os retos que quedan pendentes co obxectivo de poder reivindicarlos e os compromisos que consideran deben asumir os responsables políticos para garantir o dereito á participación, cuestión que foi expresada mediante os hashtags que protagonizan a cartelería elaborada para darlle unha maior visibilidade á iniciativa.



Pleno infantil en MOECHE

O alumnado do CEIP San Ramón achegouse un ano máis ao concello para celebrar xunto con representantes do Consello Local da Infancia e a Adolescencia o #DíaMundialdaInfancia e trasladar as súas demandas nun pleno infantil. Nesta xornada tan especial a alcaldesa deu a benvinda á rapazada e animounos a sumarse ao grupo de participación infantil “Irmandiños do 23”.

Testemuña en primeira persoa



UXÍA FERNÁNDEZ

**Grupo de participación “Mentes novas”
de Ponteareas**

Representante no CEPIA

Eu son Uxía e fai exactamente un ano coñecín o significado do substantivo “participar”. Dende a infancia o seu significado é ser escoitado coma un adulto, respectado coma un adulto, ser tomado ca mesma importancia ca un adulto e poder decidir sobre a túa propia vida coma un adulto pero sen aínda selo.

A pesar de levar só un ano participando activamente, cada vez que teño a oportunidade de facelo collo todas as miñas forzas daqueles que aínda non poden alzar a súa voz e fágoo dende o meu grupo local, Mentes Novas. Despois de tres meses entrei no CEPIA (Consello Estatal de Participación Infantil e Adolescente), onde represento aos NNAs de Galicia e España e percatámonos de que non había nada máis aló. Non existe ningún grupo de mocidade que mire polos nosos dereitos a nivel internacional, así que con outros dos adolescentes fundamos o IOYCP (International Organization of Children and Youth Participation). Dende esta asociación emerxente buscamos empoderarnos como axentes do cambio en tódolos ámbitos da sociedade.

Grazas a todo isto puideron participar en varios eventos: no III Encontro de Consellos de Participación Infantil e Adolescente, na LCOY España 2024, na Xornada Final de Barnabus no Ministerio de Xuventude e Infancia, como relatora no 1º Encontro Interno do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia, no III Encontro Presencial do CEPIA e no XII Foro de Participación Infantil e Adolescente no Parlamento Galego.

Experiencias noutros territorios



III Congreso de la infancia y Adolescencia Celebrando la XX Jornada Mundial de los Derechos de la Infancia

O 23 de novembro, o Consello Nacional da Infancia e a Adolescencia de Catalunya (CNIAC) organizou o III Congreso da Infancia e a Adolescencia de Cataluña, e convidou aos Consellos da Infancia e a Adolescencia de Cataluña a participar nos consellos locais dos centros educativos e da infancia catalá, co fin de abordar as desigualdades de redución: exclusión social, pobreza infantil e conflitos armados.